

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

*Aprobación inicial expropiación urbanística de terreos afectados polo sistema xeral de equipamento deportivo incluído na acción nº SGE-5 denominada "campo da fútbol de Xermaña"*

Aprobación inicial expropiación urbanística de terreos afectados polo sistema xeral de equipamento deportivo incluído na acción nº SGE-5 denominada "Campo de Fútbol de A Xermaña. Caión", no lugar de Xermaña parroquia de Caión.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 10 de marzo de 2014, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

### 4.- APROBACIÓN INICIAL EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA DE TERREOS AFECTADOS POLO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMIENTO DEPORTIVO INCLUÍDO NA ACCIÓN Nº SGE-5 DENOMINADA "CAMPO DE FÚTBOL DE A XERMAÑA. CAIÓN", NO LUGAR DE XERMAÑA PARROQUIA DE CAIÓN.-

O secretario da conta do expediente relativo o asunto do epígrafe no que consta que:

- O Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 28 de novembro de 2012 aprobou provisionalmente a Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, redactado polo equipo redactor da empresa Monteoliva Arquitectura, S.L, que ten como finalidade o cambio de ubicación da parcela de equipamento deportivo que o PXOM establecía no seu documento de "Orde de prioridades e estudio económico – financeiro", a acción nº SGE-5 denominada "Campo de fútbol de A Xermaña. Caión", en tanto que este equipamento quedou incluído dentro do ámbito de Especial Protección Costeira do POL, polo que o equipamento previsto quedou baixo un réxime de usos incompatible co previsto no planeamento segundo o informe emitido pola Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe; simultaneamente eliminouse a cualificación de Sistema Xeral de Equipamento que queda incluído dentro do ámbito de Especial Protección Costeira e corríxe un erro detectado na traza do sistema xeral viario próximo á zona de actuación.

- A Orde de 8 de maio de 2013 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº 98, 24/05/2013), aprobou definitivamente a modificación puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello da Laracha (A Coruña), que ten como finalidade o cambio de ubicación da parcela de equipamento deportivo que o PXOM establecía no seu documento de "Orde de prioridades e estudio económico – financeiro", a acción nº SGE-5 denominada "Campo de fútbol de A Xermaña. Caión".

- A normativa e ordenanzas da modificación definitivamente aprobada foi publicada no BOP nº 115 do 18 de xuño de 2013.

Vistos os informes da arquitecta técnica municipal e do secretario da Corporación e, tendo en conta que figura no Plan Xeral de Ordenación Municipal da Laracha como Sistema Xeral de equipamento deportivo, o Concello poderá iniciar a obtención dos terreos para sistemas xerais por expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta regulado no artigo 143 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA).

De conformidade co sinalado no artigo 21.1 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, correspóndelle ao sr. Alcalde a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e, conforme ao art. 3.4 do Regulamento de Expropiación Forzosa, art. 85 da Lei de Expropiación Forzosa e á disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público correspóndelle a adquisición de bens por contía inferior a 3 millóns de euros e non superior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento. Non obstante, a Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as atribucións expresadas anteriormente mediante Resolución de 18 de xuño de 2007, polo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta a efectos da obtención de terreos destinados a sistemas xerais, necesarios para a construción dun campo de fútbol, equipamento deportivo que o PXOM establecía no seu documento de "Orde de prioridades e estudio económico – financeiro", a acción nº SGE-5 denominada "Campo de fútbol de A Xermaña. Caión", segundo proxecto expropiatorio redactado ao efecto e que incorpora os documentos sinalados no art. 143.1 da LOUGA, o que conleva implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, segundo o sinalado no 98 da LOUGA e o art. 29 do Texto Refundido da Lei do Solo.

**SEGUNDO.-** Someter a información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, o proxecto de expropiación urbanística relativo aos terreos destinados a sistema xeral de equipamento deportivo, necesarios para destinalos a "Campo de fútbol de A Xermaña. Caión", para que aqueles que poidan resultar interesados formulen as observacións e reclamacións que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos respectivos dereitos.

**TERCEIRO.-** A relación de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio é a seguinte:

Nº Orde	Ref. Catastral	Superficie	DNI
		afectada (m <sup>2</sup> )	Titular catastral
1	15042A171000500000RU	9195,00	76282377W 52435026V 76282378A 76282379G
2	15042A171000780000RZ	503,00	32450552J
3	15042A171000920000RQ	224,00	
4	15042A171000930000RP	15,00	32450552J
5	15042A171000940000RL	725,00	32579981K 32199728G
6	15042A171000950000RT	930,00	32346974G
7	15042A171000960000RF	131,00	
8	15042A171000970000RM	368,00	
9	15042A171000990000RK	1639,00	32450552J
10	15042A171001000000RK	610,00	32347696J
11	15042A171001010000RR	808,00	32200033X
12	15042A171001020000RD	1554,00	32347898P
13	15042A171001030000RX	1918,00	05414804X
14	15042A171001050000RJ	672,00	32779594V 32767836N
15	15042A171001060000RE	529,00	32450552J
16	15042A171001070000RS	865,00	05414804X
17	15042A171001080000RZ	1046,00	32779594V 32767836N
18	15042A171001100000RS	1145,00	05414804X
19	15042A171001120000RU	1550,00	32394503S
20	15042A171001140000RW	349,00	32755029Q
21	15042A171001150000RA	493,00	32393721S 32378055N
22	15042A171001160000RB	230,00	32755029Q
23	15042A171001170000RY	2466,00	32399716F 32418912K
24	15042A171001180000RG	2409,00	32425728Y 79311717N 32375123R
25	15042A171003080000RY	932,00	
26	15042A171003300000RI	630,00	
27	15042A171003310000RJ	497,00	
28	15042A171003320000RE	525,00	32431215L

**CUARTO.-** Proceder á notificación individualizada mediante traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes contado a partir da data de notificación.

**QUINTO.-** Poñer de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto de casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.